ANUNCIO DE RECTIFICACIÓN DE ERROS NOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVASPARA A CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DO EQUIPAMENTO PARA AS BOMBAS NODRIZA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.(Expediente Nº S 04/10 ).

Acordado, con data 20 de outubro de 2010, a corrección de erros materiais detectados nos pregos de cláusulas administrativas e prescripcións técnicas que rixen na contratación do equipamento para as bombas nodrizas do consorcio provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (Expediente Nº S 04/10), de tal xeito que:

1. Na cláusula décimo cuarta dos pregos de cláusulas administrativas (páxina 11):

**Onde di**:

<< SOBRE " _ " (segundo proceda: "A", "B" ou "C") comprensivo de __________ (segundo proceda "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", "CRITERIOS SUBXECTIVOS" ou "CRITERIOS OBXECTIVOS") que presenta Dª./D. ________, en nome e representación da empresa "__________ " ou Unión Temporal-, con domicilio __________, teléfono _________ Fax_____________e correo electrónico _____________, para tomar parte no procedemento aberto do contrato de subministración de , convocado polo Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

En___________, __ de ________ de 201 .-

(Sinatura do representante e selo da empresa) >>

**Debe dicir**:

<< SOBRE " _ " (segundo proceda: "A"ou "B" ) comprensivo de __________ (segundo proceda "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", "DOCUMENTACIÓN TÉCNICA") que presenta Dª./D. ________, en nome e representación da empresa "__________ " ou Unión Temporal-, con domicilio __________, teléfono _________ Fax_____________e correo electrónico _____________, para tomar parte no procedemento aberto do contrato de subministración de , convocado polo Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

En___________, __ de ________ de 201 .-

(Sinatura do representante e selo da empresa) >>

2. Na cláusula décimo cuarta dos pregos de cláusulas administrativas (páxinas 14 e 15)

**Onde di**:

II. Sobre B: Subtitulado " CRITERIOS SUBXECTIVOS”, que conterá as especificacións relativas aos criterios , nos que se fai referencia aos extremos seguintes:

III. Sobre C: Subtitulado " CRITERIOS OBXECTIVOS”, incluirase que a proposición económica ofertada polo licitador e as especificacións relativas aos criterios , nos que se fai referencia aos extremos seguintes:

**Debe dicir**:

II. Sobre B: Subtitulado " DOCUMENTACIÓN TÉCNICA”, que conterá as especificacións relativas aos criterios de adxudicación (1,2,3 e 4)

3. A cláusula décimo sexta dos pregos de cláusulas administrativas quedará redactada como sigue:

**DÉCIMO SEXTA. – VALORACIÓN DAS OFERTAS.**

Cualificación da documentación e emenda.- A Mesa constituirase para a cualificación previa da documentación e comprobación da acreditativa da personalidade do licitador da súa capacidade e da súa solvencia técnica, económica e financeira (sobre “A”), dentro dos trinta días hábiles ó seguinte do remate de presentación de ofertas polos licitadores. Ós efectos anteriores, a data, lugar e hora, será publicado no perfil do contratante do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Se a Mesa observara defectos materiais na documentación presentada, dará conta aos asistentes dos erros detectados, concedendo, sempre que os referidos erros sexan cualificados como subsanables un prazo de 3 días hábiles de conformidade co artigo 103.1 da LCSP e o art. 81 do RXLC para que o licitador sanee o error apreciado, extremo que deberá ser notificado polo secretario da Mesa a través de Fax ou correo electrónico aos interesados. A Mesa de contratación, para os efectos de completar a acreditación da solvencia dos solicitantes, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios.
En todo caso, as proposicións presentadas que non se axusten ó contido estrito esixido pola Cláusula 14ª deste prego, non serán admitidas á licitación. Será concedida ós interesados a posibilidade de facer as manifestacións ou solicitar as aclaracións que estimen oportunas, procedéndose pola Mesa a dar respostas ás dúbidas sobre os extremos requiridos xa que, finalizado ese momento, non serán admitidas observacións nin interrupcións ó acto. Os interesados terán en conta que a Mesa non se fará cargo de documento novo ningún que presenten os licitadores nese momento.

De conformidade co artigo 25 e 26 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, a apertura do sobre B, farase en acto público; acto que para esta contratación terá lugar o mesmo día fixado para a cualificación dos sobres A. Neste acto realizarase a apertura dos sobres “B” , dando ocasión aos interesados a comprobar que os sobres están nas mesmas condicións nas que foron entregados e procederase a verificación do contido dos mesmos.

Emitidos, de ser o caso, cantos informes foran solicitados pola Mesa de contratación de conformidade co artigo 144 da LCSP;, a Mesa xuntarase co obxecto de realizar a valoración das distintas proposicións - nos termos previstos nos artigos 134 e 135 da LCSP, clasificándoas en orde decrecente de valoración - e formular a proposta de adxudicación ó órgano competente para a contratación, emitíndose, seguidamente, a Acta correspondente que se elevará ó indicado órgano, xunto co resto de Actas, informes, documentos e antecedentes que obren no expediente.

Lugo, Pazo Provincial, 20 de outubro de 2010

O SECRETARIO INTERVENTOR

José Antonio Mourelle Cillero